

O historiador e filólogo ferrolán
pasou parte da súa vida neste in-
móble do Ferrol Vello

AMAIKURRI/CRISTINA

Carballo Calero viviu aquí

Zonas de sombra no patrimonio material da cultura galega

A casa do primeiro catedrático de lingua galega non é a única que necesita ser rehabilitada: as vivendas de María Mariño e Francisco Añón, así como o lugar onde se editou 'Cantares Gallegos' e a sede da editorial Castrelos en Vigo, están en ruínas ou moi deterioradas

MEMORIA

Iago Martínez A CORUÑA
iago.martinez@xornaldeg Galicia.com

Castelao non é unha excepción, e nin sequera é o caso máis grave. O desleixo do patrimonio material da cultura galega afecta a moitos outros autores. A casa de Carballo Calero, un dos principais historiadores da literatura galega, é un edificio ruinoso na parte vella de Ferrol. A de María Mariño, a autora á que se lle dedicou o ano pasado o Día das Letras Galegas, tense en pé de milagre nunha ruela de Noia. E o mesmo, ou case, acontece co que fora a sede da Editorial Castrelos en Vigo ou coas residencias familiares de Juan Compañel, Evaristo Correa Calderón ou Francisco Añón, entre outros.

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) detectou o problema e vén de poñer sobre a mesa a primeira ferramenta que se precisa para remedialo. O inventario de casas de autores e autoras da literatura galega ten, de momento, 94 entradas. Inclúe pazos perfectamente rehabilitados, casas musealizadas e casoupas a piques de caer de vellas. Son lugares da memoria, pero non sempre os propietarios e as administracións o entenden.

UNHA FIGURA INCÓMODA

A peripecia de Ricardo Carballo Calero (Ferrol, 1910-Compostela, 1990), en vida e tamén despois, é máis reveladora para entender Galicia que un andel inzado de manuais universitarios. O intelectual ferrolán resultou sempre unha figura incómoda para o nacionalismo oficial. Foi o primeiro catedrático de lingua e literatura galegas, pero tamén pasa por ser o gran teórico do reintegracionismo. Ninguén discute a súa contribución á cultura galega, pero as súas diferenzas con Ramón Piñeiro apartárono dos focos da historiografía. Por iso, o

deterioro da súa casa de Ferrol parece un severo axuste de contas da Historia. A instancias da asociación de veciños da zona, o Concello de Ferrol aceptou poñerse a pensar na maneira de rehabilitar o edificio e darlle un uso cultural. Con todo, a adquisición do inmoble aínda non se completou, de maneira que a casa na que viviu o autor de *Scórpico* segue a ser un edificio en ruínas arrodeado de andamios. A casa de Castelao que o Concello de Rianxo quere expropiar non é o único caso no que o patrimonio depende dunha transacción inmobiliaria para ser devolto á sociedade.

O número 51 da rúa San Francisco é un inmoble de tres plantas sobre finca de 528 metros cadrados no Ferrol Vello. Levantouse en 1880, trinta anos antes de que nacesse o seu máis ilustre inquilino, Ricardo Carballo Calero, primeiro catedrático de lingua galega e un dos catro premios nacionais de literatura que ten Galicia. Agora, apenas 18 anos

despois da morte do autor, o edificio está cuberto de andamios á espera de que o Concello o adquira e empece a súa prometida rehabilitación. Con todo, as autoridades non disimulan: unha placa indica que alí residiu o filólogo ferrolán.

En Noia, porén, a cousa non está tan clara. A casa de María Mariño tamén está en ruínas, pero nada in-

dica ao peón despistado que alí viviu algún día a poeta á que se lle dedicou o Día das Letras Galegas en 2007. A vivenda está no número 13 da rúa Cega, pero a placa colocárona un pouco máis adiante. É a distancia da corrección política.

A EDITORA DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

As coleccións O Mouchou e Pomal da editorial Castrelos sacaron a literatura galega do gueto a finais dos anos sesenta. Foi, talvez, un dos escasos intentos de facer libros de masas en galego. Os seus títulos reventaron as cifras de distribución con tiraxes de tres, catro ou cinco mil exemplares, e eran a obra solitaria dun editor vocacional, o vigués Xosé María Álvarez Blázquez.

O escritor editor repartía o tempo entre o xénero popular e os textos rupturistas da Nova Narrativa Galega, á que axudou a nacer coa publicación dos primeiros títulos de Rodríguez Mourullo. Todo o facía no mesmo sitio: un edificio pequeno que corenta anos despois segue en pé, pero tapiado e moi deteriorado, no número 14 da rúa Pi y Margall, no centro de Vigo.

O inventario da AELG recolle outro dos lugares *míticos* da cultura galega, tamén en Vigo e tamén

en ruínas. É a casa do impresor Juan Compañel na rúa Real do Casco Vello, pero sobre todo é a casa na que se fixo en 1863 a primeira edición dos *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, un dos textos fundacionais da literatura galega moderna. Neste caso, a rehabilitación pendente afecta a todo o barrio, un dos espazos peor conservados da cidade.

Á nómina de casas en estado de ruína e localizadas pola asociación de escritores habería que engadir a de Evaristo Correa Calderón en Neira de Rei e a de Antón de Sirgal no lugar de Toldao, no concello de Incio, pero poucas máis. Hainas mal conservadas, como a do precursor do Rexurdimento, Francisco Añón, no lugar de Boel, na parroquia de San Pedro de Outes, pero sobre todo hai moitas que ninguén podería identificar dunha soa ollada.

Seguir os pasos de Rosalía de Castro non é doado. A súa residencia de Padrón, a Casa da Matanza que se converteu en museo en 1972, non foi a única que ocupou. Ao longo da súa vida pasou polos concellos de Ames, A Coruña e Santiago, e neste caso aínda se mudou varias veces, da Praza de Mazarelos á Senra e á Rúa do Vilar. Por iso resulta até certo punto comprensible que non

"FALTA DE CONCIENCIACIÓN"

O presidente da Asociación de Escritores, Cesáreo Sánchez, molesto polo que acontece coa casa de Castelao

MÁIS QUE UNHA MAN DE PINTURA

MARÍA MARIÑO



NOIA
O ano pasado dedicóuselle o Día das Letras Galegas, pero a súa casa segue en estado de ruína.

EDITORIAL CASTRELOS



VIGO
Xosé María Álvarez Blázquez sacou deste edificio algúns dos *best sellers* da literatura galega nos 60.

COVA CÉLTICA



A CORUÑA
Só para os iniciados este é o lugar da Cova Celta, unha das tertulias *miticas* do imaxinario galego.

EDUARDO BLANCO AMOR



OURENSE
Consérvase moi ben, entre outras cousas porque é nova. Non fica nada da casa do autor ourensán.

EDUARDO PONDAL



A CORUÑA
O edificio é de 1930, pero agora está en obras. Haberá que ver se queda pegada do autor do himno galego.

SER PREVISORES

O inventario da Asociación de Escritores en Lingua Galega non é gratuito. Máis ben ao contrario, persegue uns obxectivos moi claros. Pretende, dunha banda, ser unha ferramenta para a elaboración de unidades didácticas sobre os autores que recolle, e para iso inclúe información biográfica e semblanzas literarias de cada un deles. Amais, quere converter este patrimonio material en patrimonio inmaterial e facer destes lugares museos ao aire libre, o que faría posíbel a concesión, no futuro, da categoría de Bens de Interese Cultural. Por iso todo este material, elaborado coa colaboración da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, estará proximamente ao dispor de calquera na internet. A asociación que preside Cesáreo Sánchez Iglesias colgará os textos, as fotografías e a información catastral dos inmobles en www.aelg.org.

todos estes edificios teñan unha placa conmemorativa. Isto non acontece en todos os casos.

Os lugares da memoria constrúense. Museálizanse casas familiares, créanse fundacións, promóvense estudos ou, simplemente, colócanse placas á porta das vivendas polas que pasaron algúns dos personaxes que integran, guste ou non, o canon da literatura galega. Porén, nin o lugar onde estaba a Cova Celta en Coruña nin algunhas das casas nas que viviron Antón Avilés de Taramancos, Sofía Casanova, Álvaro Cebreiro, Celestino Fernández de la Vega, Florentino López Cuevillas, Celso Emilio Ferreiro, Ánxel Fole, Manuel García Barros, Eduardo Pondal ou Johán Vicente Viqueira tiveron esa sorte. Aínda hai ausencias. ■

A lea coa casa de Castelao, "unha viñeta póstuma sobre Galicia"

PATRIMONIO

Rodrí Suárez, A Coruña
rodr.suarez@xornaldegalicia.com

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao non é só un referente case fundacional de Galicia, senón tamén o seu mellor narrador. E mantén esa condición incluso máis de medio século despois da súa morte. De feito, a última viñeta póstuma do pai do galeguismo debúxase na súa propia casa de Rianxo, aínda en mans privadas e protagonista dun conflito de intereses que leva adiando case unha década a súa utilización pública como museo. Así o expresan varios representantes da cultura galega, que apoian sen reservas a conversión do fogar de Castelao nun centro cultural e lamentan que a súa figura volva ser motivo de controversia e espello de tópicos minifundistas aínda viventes.

"O que ocorre coa casa de Castelao é un síntoma da falta de autoestima do país, unha situación así sería complicada de entender noutros lugares", afirma Manuel Bragado, director da editorial Xerais. "Un patrimonio de todos os galegos como este ten que estar por riba dos intereses inmobiliarios para poñerse ao servizo da nosa memoria colectiva", engade o editor vigués. Na mesma liña móvese dende Galaxia Víctor Fernández Freixanes: "Non se pode especular cos símbolos da cultura galega". Pero o director da editorial na que se pode atopar a maior parte da obra do artista rianxeiro si opina que "a expropiación non é o camiño, as institucións teñen que buscar outras alternativas, negociar co propietario e recoñecer os seus lexítimos dereitos".

Os representantes da cultura galega consultados por Xornal de Galicia solicitan a actuación dos distintos gobernos para "evitar que a casa de Castelao quede fóra do patrimonio",

REACIÓNS



MANUEL BRAGADO
"Unha situación así evidencia a falta de autoestima do país"



MIGUEL ANXO FERNÁN VELLO
"Trátase dunha vergoña política da xestión nacionalista de Cultura"

pero algún, como Manuel Bragado, lembra que a sociedade tamén debe tomar a iniciativa. "No seu tempo, as casas de Rosalía de Castro ou de Eduardo Pondal pasaron a formar parte dos nosos bens comúns grazas á acción dos galeguistas, malia que non tiñamos unhas institucións propias responsables diso como agora", apunta.

Á necesidade dunha cultura colectiva tamén se refire Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). "Resulta evidente que existe unha falta de concienciación popular sobre a importancia de cooidar o noso patrimonio. E iso vale tanto para o cultural como o arquitectónico", asegura.

Pero o conflito que podería obrigir á expropiación da casa natal de Castelao por parte do Concello de Rianxo non se limita ao sociolóxico. Na cultura tamén hai voces que sinalan ás responsabilidades da Xunta. "Trátase dun escándalo e

unha vergoña política", manifesta Miguel Anxo Fernán Vello, director da editorial Espiral Maior. "Non se pode cualificar doutro xeito que logo de catro anos de xestión nacionalista en Cultura a casa de Castelao aínda non forme parte do patrimonio cultural galego", di, anoxado por unha lea que "semella unha viñeta póstuma" que lle fai lembrar as palabras do rianxeiro nunha das ilustracións que publicou en vida: "Non vos riades que o conto é triste". ■



Estatua de Castelao nas instalacións do Laboratorio de Formas.